

ECONOMÍA. OS INGRESOS DO SECTOR PÚBLICO


ACTIVIDADE: OS IMPOSTOS EN GALICIA. O IRPF

Os datos necesarios para poder responder as preguntas deste cuestionario están dispoñibles na seguinte ligazón: http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira_2012.htm

O Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) é un tributo que grava a renda das persoas segundo as súas circunstancias familiares e persoais. Está deseñado de maneira que os que máis cobren sexan os que máis imposto paguen.

- 1) Na táboa seguinte clasifícase á poboación galega en función do tramo de renda que declararon na liquidación do IRPF en 2009. Completa os datos que faltan na táboa e no histograma de abaixo:

Tramo de renda do IRPF	Número de declarantes
De 0 a 6.000 €	279.404
De 6.000 a 12.000 €	
De 12.000 a 21.000 €	346.139
Máis de 21.000 €	351.519
Total de declarantes do IRPF	1.254.687



De practicamente todos os impostos que se recadan en Galicia, unha parte queda na Comunidade Autónoma para facer fronte aos gastos da mesma, e outra parte vai parar as arcas do Estado.

- 2) A partir da información da táboa seguinte, onde se representa a recadación tributaria do Estado en Galicia por tipo de imposto en 2010, indica a que imposto corresponde cada un dos triángulos do diagrama de sectores:

Impostos	% sobre a recadación total do Estado
Imposto sobre a renda das persoas físicas	46,9
Imposto sobre sociedades	17,0
Imposto sobre a renda dos non residentes	1,0
Imposto sobre o valor engadido (IVE)	32,8
Impostos especiais (sobre o tabaco, o alcohol, etc.)	0,7
Outros impostos	1,6

